En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27819**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“as condicións de seguranza viaria que presenta na actualidade a estrada PO-531 entre Curro e Pontevedra, as intencións do Goberno galego verbo da atención das demandas do Concello de Barro ao respecto, así como as razóns da demora na execución do proxecto previsto desde hai anos e mais a data de inicio das obras de mellora necesarias”**, (publicada no BOPG número 354 do 10 de outubro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 27817, dos mesmos deputados e materia, publicada no BOPG número 391, do 15 de decembro de 2014, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



[Signature]
Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32349**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Alejandro Gómez Alonso e outros/as deputados/as máis, sobre **“a situación en que se atopa a redacción dos novos proxectos construtivos de desdoblamento do corredor do Morrazo”**, (publicada no BOPG número 414 do 11 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto do subtreito I (puntos quilométricos 0+000 – 3+250) foi aprobado o 6 de marzo de 2015. A licitación da obra para o desdoblamento deste primeiro subtreito publicouse no Diario Oficial de Galicia do 13 de abril de 2015, por un importe de 19,7 ME; o contrato adxudicouse o 29 de xullo de 2015; e as obras comezaron no mes de outubro de 2015.

En canto ao proxecto do subtreito II (puntos quilométricos 3+250 - 7+300), foi aprobado o 11 de agosto de 2015 e a licitación das obras produciuse no mes de decembro de 2015.

Polo que respecta ao subtreito III (puntos quilométricos 7+300 - 11+150), nestes momentos o proxecto está en fase de redacción.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Senoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32351**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Alejandro Gómez Alonso e outros/as deputados/as máis, sobre **“o resultado do Plan viario da comarca do Morrazo”**, (publicada no BOPG número 414 do 11 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Mobilidade Viaria da Península do Morrazo, en consonancia co Plan MOVE, ten como obxectivos xerais os seguintes:

Completar a articulación da rede de infraestruturas de transporte de Galicia co exterior e a conexión entre os principais eixos reitores.

Adequar o transporte nos medios urbanos, mellorando a accesibilidade dos diferentes ámbitos funcionais do territorio dende unha perspectiva metropolitana.

Garantir que o 80% da poboación galega se sitúe a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

Mellorar a seguridade viaria.

Garantir o mantemento das estradas en condicións adecuadas para a circulación.

Flexibilizar o sistema de peaxes nas autoestradas galegas atendendo a criterios de coherencia, globalidade, progresión e universalidade.

Fomentar o emprego de sistemas de transporte alternativo ao vehículo privado, a través da implantación de aparcadoiros disuasorios.

Os principios reitores do plan para acadar os ditos obxectivos son:

Mellorar a mobilidade, a accesibilidade e a competitividade de Galicia.

Contribuír ao reequilibrio territorial de Galicia.

Mellorar a seguridade viaria e reducir o número de vítimas mortais e feridos graves.

Garantir o mantemento das estradas en condicións adecuadas.

Compatibilizar a mellora da rede viaria co respecto ao medio ambiente e o desenvolvemento sostible.

Compactar o modelo territorial de Galicia.

Poñer a rede viaria ao servizo da cidadanía.

Seguindo os grupos da clasificación funcional formulada no Plan MOVE, establecéronse unha serie de actuacións que se resumen de seguido:

Programa de vías de altas prestacións.

Programa de vías estruturantes.

Programa de vías complementarias.

Programa de mantemento e conservación.

Programa de seguridade viaria.

A modo de resumo pódese indicar que, do total do plan, actualmente está executado o 31%, destacando o inicio das obras do desdoblamento do corredor do Morrazo e a execución da Variante de Marín. Así mesmo, están en servizo os aparcadoiros disuasorios de Domaio e Broullón (Moaña). A licitación, no mes de decembro de 2015, do treito II da conversión en autovía do Corredor do Morrazo permitirá un significativo avance na execución do Plan Viario."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32358**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa e don Alejandro Gómez Alonso e outros/as deputados/as máis, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para a execución das obras de mellora da seguridade viaria na estrada PO-308”**, (publicada no BOPG número 414 do 11 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Diario Oficial de Galicia publicou o 7 de decembro de 2015 a licitación das obras da senda peonil e ciclista na estrada Pontevedra-A Lanzada (PO-308), ao seu paso polo concello de Sanxenxo, por un valor de preto de 3,2 millóns de euros. As obras contan co cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Actuarase nun treito de 2,77 quilómetros da estrada PO-308, situado no Concello de Sanxenxo, dende Soutullo (PK 25+200) á glorieta de conexión coa VG-4.1, na Lanzada (PK 27+970). Nese treito executarase unha senda para uso peonil e ciclista de mellora da seguridade viaria para compatibilizar o tráfico rodado co peonil e o ciclista. Actuarase en especial nas interseccións, habilitando puntos nos que se permita o cambio de sentido; construíndose unha glorieta no PK 25+260, na zona da praia de Portomouro; e habilitando e ordenando zonas de aparcadoiro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Bianca García Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32348**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Alejandro Gómez Alonso e outros/as deputados/as máis, sobre **“a situación en que se atopa a redacción dos novos proxectos construtivos de desdoblamento do corredor do Morrazo”**, (publicada no BOPG número 415 do 12 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto do subtreito I (puntos quilométricos 0+000 – 3+250) foi aprobado o 6 de marzo de 2015. A licitación da obra para o desdoblamento deste primeiro subtreito publicouse no Diario Oficial de Galicia do 13 de abril de 2015, por un importe de 19,7 M€; o contrato adxudicouse o 29 de xullo de 2015; e as obras comezaron no mes de outubro de 2015.

En canto ao proxecto do subtreito II (puntos quilométricos 3+250 - 7+300), foi aprobado o 11 de agosto de 2015 e a licitación das obras produciuse no mes de decembro de 2015.

Polo que respecta ao subtreito III (puntos quilométricos 7+300 - 11+150), nestes momentos o proxecto está en fase de redacción.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais



Blanca García-Señoráns Álvarez


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32350**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Alejandro Gómez Alonso e outros/as deputados/as máis, sobre **“o resultado do Plan viario da comarca do Morrazo”**, (publicada no BOPG número 415 do 12 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Mobilidade Viaria da Península do Morrazo, en consonancia co Plan MOVE, ten como obxectivos xerais os seguintes:

Completar a articulación da rede de infraestruturas de transporte de Galicia co exterior e a conexión entre os principais eixos reitores.

Adequar o transporte nos medios urbanos, mellorando a accesibilidade dos diferentes ámbitos funcionais do territorio dende unha perspectiva metropolitana.

Garantir que o 80% da poboación galega se sitúe a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

Mellorar a seguridade viaria.

Garantir o mantemento das estradas en condicións adecuadas para a circulación.

Flexibilizar o sistema de peaxes nas autoestradas galegas atendendo a criterios de coherencia, globalidade, progresión e universalidade.

Fomentar o emprego de sistemas de transporte alternativo ao vehículo privado, a través da implantación de aparcadoiros disuasorios.

Os principios reitores do plan para acadar os ditos obxectivos son:

Mellorar a mobilidade, a accesibilidade e a competitividade de Galicia.

Contribuír ao reequilibrio territorial de Galicia.

Mellorar a seguridade viaria e reducir o número de vítimas mortais e feridos graves.

Garantir o mantemento das estradas en condicións adecuadas.

Compatibilizar a mellora da rede viaria co respecto ao medio ambiente e o desenvolvemento sostible.

Compactar o modelo territorial de Galicia.

Poñer a rede viaria ao servizo da cidadanía.

Seguindo os grupos da clasificación funcional formulada no Plan MOVE, establecéronse unha serie de actuacións que se resumen de seguido:

Programa de vías de altas prestacións.

Programa de vías estruturantes.

Programa de vías complementarias.

Programa de mantemento e conservación.

Programa de seguridade viaria.

A modo de resumo pódese indicar que, do total do plan, actualmente está executado o 31%, destacando o inicio das obras do desdoblamento do corredor do Morrazo e a execución da Variante de Marín. Así mesmo, están en servizo os aparcadoiros disuasorios de Domaio e Broullón (Moaña). A licitación, no mes de decembro de 2015, do treito II da conversión en autovía do Corredor do Morrazo permitirá un significativo avance na execución do Plan Viario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO AERIAL ENTRADA

27 XAN. 2016

Núm

46047



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32357**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Alejandro Gómez Alonso e outros/as deputados/as máis, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para a execución das obras de mellora da seguridade viaria na estrada PO-308”**, (publicada no BOPG número 415 do 12 de febreiro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Diario Oficial de Galicia publicou o 7 de decembro de 2015 a licitación das obras da senda peonil e ciclista na estrada Pontevedra-A Lanzada (PO-308), ao seu paso polo concello de Sanxenxo, por un valor de preto de 3,2 millóns de euros. As obras contan co cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Actuarase nun treito de 2,77 quilómetros da estrada PO-308, situado no Concello de Sanxenxo, dende Soutullo (PK 25+200) á glorieta de conexión coa VG-4.1, na Lanzada (PK 27+970). Nese treito executarase unha senda para uso peonil e ciclista de mellora da seguridade viaria para compatibilizar o tráfico rodado co peonil e o ciclista. Actuarase en especial nas interseccións, habilitando puntos nos que se permita o cambio de sentido; construíndose unha glorieta no PK 25+260, na zona da praia de Portomouro; e habilitando e ordenando zonas de aparcadoiro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García Señoráns Álvarez



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 37369**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da execución das obras de mellora da seguridade viaria necesarias na estrada AC-544, ao seu paso polos núcleos do Portanxil, Reino e Piñor, na parroquia de Trasmonte, no concello de Ames”**, (publicada no BOPG número 469 do 28 de maio de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Co obxecto de fomentar unha mobilidade sostible e segura, tense asinado o contrato destinado a analizar os treitos de estradas autonómicas de Santiago e da súa comarca nos que resulta conveniente actuar para favorecer o tránsito peonil e ciclista. No ámbito deste contrato inclúese a estrada AC-544 ao seu paso polo Concello de Ames.

Ademais, para mellorar o estado da estrada, a Axencia Galega de Infraestruturas está a realizar unha actuación de reforzo de firme localizado en diversas vías, actuación que, no caso da AC-544, comprende os puntos quilométricos 0+000–12+090.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 39860**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“a resolución adoptada pola Comisión Europea en relación cos proxectos galegos presentados ao abeiro do mecanismo denominado «Conectar Europa», para o período 2014-2020, de axudas financeiras no ámbito das redes transeuropeas de transporte e enerxía”**, (publicada no BOPG número 512 do 3 de setembro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No seu compromiso con Galicia, a convocatoria de fondos europeos do programa Conectar Europa foi aproveitada polo Goberno de España para a solicitude de axudas europeas para o financiamento de varias actuacións na Comunidade galega.

Aprobáronse dous proxectos que afectan a Galicia: a instalación do sistema ERTMS no Eixe Atlántico ferroviario entre A Coruña e Santiago e no tramo Lubián-Ourense da LAV Madrid-Galicia; e o proxecto de accesibilidade universal en estacións de pasaxeiros, na que se inclúen as estacións da Coruña, de Santiago e de Ourense. Proxectos para os cales se aprobou unha axuda de 9,35 millóns de euros en total.

O mecanismo Conectar Europa ten, para o período 2014-2020, unha dotación orzamentaria de 26.250 millóns de euros para proxectos da rede transeuropea de transportes, dos cales 11.930 millóns de euros se puxeron á disposición nesta primeira convocatoria.

Desde a Xunta de Galicia seguirase insistindo para que estes fondos contribúan ao financiamento de infraestruturas clave na Comunidade, de xeito que poidan incluírse as actuacións que se solicitaran ou outras que xurdan.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



A handwritten signature in black ink, which appears to read "Blanca", followed by a long, sweeping horizontal line that extends to the right.

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 39989**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión e as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa xestión da sanidade pública na provincia de Ourense”**, (publicada no BOPG número 512 do 3 de setembro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Ante todo, non podemos compartir a premisa que que a sanidade pública en Ourense estea deteriorada. Todo o contrario. Os datos e os indicadores reflicten unha clara e obxectiva melloría dende o período no que gobernaba o bipartito, grazas á excelencia e da capacidade de traballo dos profesionais da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, así como do bó facer do seu equipo directivo.

Para poñer o asunto en perspectiva, poderíamos comparar a situación actual coa existente en 2.009, cando gobernaba o seu partido, no que a intervencións cirúrxicas se refire. En 2014 se realizaron no conxunta da EOXI de Ourense 16.568 intervencións cirúrxicas programadas, 3.868 máis que no 2009.

Neste mesmo período, o rendemento cirúrxico ascendeu do 65,9 ao 77,2%, e o tempo de espera cirúrxico reduciuse un 5,3%.

Os datos son contundentes: a afirmación de que a Sanidade Pública en Ourense é grave parece, cando menos, moi pouco sólida. Por suposto, estes bós indicadores non implican

que non teñamos que seguir mellorando e, en calquera caso, avaliar pormenorizadamente a que destinamos cada euro que a cidadanía galega poñía á nosa disposición para obter os mellores resultados posibles.

No que se refire a porcentaxe de cirurxías suspendidas, naturalmente lamentamos as molestias que unha suspensión produce, tanto para o paciente como para os seus achegados, pero hai que ter en conta a altísima complexidade da organización cirúrxica. A suspensión de cirurxías non é un feito alleo á xestión diaria de calquera servizo de saúde, incluído o noso. Pode responder a diferentes motivos, dende logo non todos atribuíbles á organización sanitaria, senón a algunha outra circunstancia, como poden ser que o paciente non acude, que acude mal preparado ou que finalmente rexeita á operación. Non obstante, o motivo máis habitual é a prolongación da intervención previa.

As anulacións ou suspensións cirúrxicas son moi pouco frecuentes no CHUO, pero tanto seu número como as súas causas están axeitadamente rexistradas, sendo producidas maioritariamente por problemas médicos do paciente (o 25,5% do total das suspensións), prolongacións de intervencións previas (o 27,3%), inasistencia do paciente (o 14,4%), e, nunha pequena porcentaxe, por falta ou avaría do material, o 5% do total das suspensións (non do total das cirurxías, como parece sinalar na súa preguntar).

A xuño de 2.015, a porcentaxe de suspensións no CHUO foi do 3,84%, o terceiro máis baixo dos 14 Complexos Hospitalarios e hospitais públicos de Galicia, e por debaixo da media, que é 4,44%.

Así, se a porcentaxe de suspensións no CHUO foi do 3,84%, e o 5% destas suspensións foron por falta ou avaría do material, unha simple operación aritmética indicanos que a falta ou avaría do material obrigaron a suspender o 0,19% do total das intervencións. Non semella unha cifra esaxerada.

En calquera caso, o Servizo Galego de Saúde en Ourense seguirá, como non pode ser doutro xeito, desenvolvendo a súa política de mellorar a eficiencia na xestión e no uso racional dos nosos recursos físicos e humanos, mantendo toda a actividade clínica que



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

resulta posible e, fundamentalmente, garantindo a atención naqueles procesos que non admiten demora.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García Señorán Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 41425**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“os proxectos do Goberno galego para a parcela que posúe no espazo onde conflúen a rúa Xoán XXIII e a Costa Nova de Arriba, en Santiago de Compostela, e as súas previsións respecto da continuación do proxecto de construción de 40 vivendas protexidas no núcleo histórico da cidade para ofertalas en réxime de alugamento a persoas menores de 35 anos”**, (publicada no BOPG número 525 do 24 setembro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O obxectivo da Xunta de Galicia coa política de vivenda de promoción pública, sexa de nova construción ou rehabilitada, é dar resposta ao maior número posible de demandantes da mesma, demanda contrastada a través do Rexistro de Demandantes.

A permuta da parcela de Xoán XXIII pola construción de vivendas de promoción pública en Lamas de Abade permite rendibilizar ao máximo os recursos públicos dispoñibles.


Fronte ao beneficio social indubidable da opción adoptada pola Xunta de Galicia, o proxecto do Goberno bipartito, defendido polo BNG, supoñía a construción de pequenos apartamentos e non de vivendas, o que implicaba excluír dos mesmos a todas as familias con fillos inscritas no Rexistro de Demandantes, limitando a oferta a unha pequena parte dos solicitantes.

Por outra parte, os pequenos apartamentos contemplados no proxecto do bipartito só dan resposta temporal á demanda de vivenda, xa que a realidade demostra que a demanda é para vivendas de maior superficie.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **42542**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e outros/as deputados/as máis, sobre **“a supresión de profesorado de Infantil levada a cabo no Colexio de Educación Infantil e Primaria Barcelos, de Pontevedra, e as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao respecto”**, (publicada no BOPG número 534 do 14 de outubro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Efectivamente, tal e como din no escrito produciuse a xubilación dunha profesora de infantil de 3 anos, pero non é necesario cubrir a praza, simplemente porque esa praza non existe.

A Orde do 6 de xullo de 2015, pola que se modifican as unidades e postos de traballo docentes para o curso 2015/2016 (DOG núm. 136, do 21 de xullo), á vista dos datos de matrícula do primeiro curso de infantil (3 anos), isto é, 25 alumnos, suprimiu unha unidade de educación infantil. Esta supresión é o resultado de aplicar as normas xerais sobre catálogo recollidas no acordo asinado pola Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais o 8 de xuño de 2007.

Respecto do **docente de informática e de psicomotricidade**, dicir, que á vista das normas xerais sobre categorías de postos de traballo en centros públicos, fixadas no acordo asinado pola Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais o 8 de xuño de 2007, estas categorías non existen. No dito acordo figuran as seguintes categorías docentes: infantil, primaria, filoloxía inglesa, filoloxía francesa, música, educación física, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe e orientación compartido e exclusivo.

Respecto do **profesor/a de apoio**, dicir, que si que hai un profesor/a de apoio no CEIP Praza de Barcelos. Neste sentido trátase dun centro catalogado para o curso 2015/16 con cinco (5) unidades de infantil e seis (6) docentes da especialidade de infantil: un docente por unidade

máis un docente de apoio. Finalmente, respecto a que están '**sen especialista en inglés e con audición e linguaxe ao 25%**', cómpre manifestar que esta afirmación tampouco se axusta á realidade.

O número de unidades de educación infantil e de educación primaria, así como a dotación docente que fixa a Orde do 6 de xullo de 2015, con carácter xeral para todos os centros docentes públicos recollidos nela, e de forma particular para o CEIP Praza de Barcelos, segue estritamente as normas xerais sobre catálogos de postos de traballo dos centros públicos, fixadas no acordo asinado pola Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais o 8 de xuño de 2007.

Calquera actuación nesta materia respecta as ditas normas xerais e aplícase atendendo aos datos de matrícula dos respectivos centros educativos, segundo constan rexistrados en XADE (xestión administrativa da educación). En definitiva, a dotación docente do centro, tal e como xa se dixo, cubre de forma satisfactoria as necesidades do alumnado de infantil e de primaria, que continuarán a recibir a educación de calidade que viñan recibindo, en igualdade de condicións que no resto dos centros educativos.

En canto ao que ten pensado facer a consellería para o vindeiro curso escolar, reiterar que a creación e/ou supresión de unidades educativas é o resultado de conxugar os datos de matrícula e as normas xerais sobre catálogo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García Senoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 42720, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“os problemas existentes para a execución e o remate das obras do paseo da Seara, no concello de Moaña, así como a súa conexión coa senda peonil da Xunqueira.”**, (publicada no BOPG número 540 do 22 de outubro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), Portos de Galicia e o Concello de Moaña asinaron o 16 de setembro de 2014 un convenio de colaboración para a continuación do paseo marítimo de Moaña ata o paseo da Xunqueira (tramo da Seara). A cláusula 4, apartado 2, do convenio recolle que, antes da sinatura deste, o Concello tiña que achegar o compromiso -adoptado polo órgano que legalmente tivese atribuída a competencia- de posta á disposición da AXI dos terreos necesarios para a execución das obras e de realización das xestións pertinentes ante os organismos correspondentes para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións necesarios. Este compromiso foi adoptado pola Xunta de Goberno local o 11 de xullo de 2014 .

O apartado 3 da cláusula cuarta do convenio estableceu como obriga do Concello a certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos antes da adxudicación das obras. Así, o 25 de setembro de 2014 a Secretaría do Concello emitiu unha certificación na que se fai constar a cesión de varias parcelas por parte dos veciños. Este certificado tamén fai referencia ao informe do Servizo de Costas de Pontevedra do 15 de maio de 2014, que di que, á vista do proxecto, o trazado do paseo da Seara se axusta á legalidade, e que a servidume de tránsito está interrompida por mor dunha concesión para a ocupación do dominio público terrestre na que procede a declaración da caducidade (aínda que a data de remate daquela é no ano 2048, non se utiliza para o fin para a que foi outorgada), e por unha ocupación do terreo sen título habilitante. Neste último caso, o informe recolle que non existiría motivación algunha para impedir a reapertura do tránsito indebidamente ocupado e interrompido por un muro que

carece de título legal. Esta documentación foi aceptada pola AXI, que adxudicou a obra o 26 de marzo de 2015.

As obras iniciáronse o 8 de maio de 2015. Porén, en determinados treitos impediuse a súa execución por parte dos titulares dos terreos. Co fin de desbloquear esta situación, a AXI propuxo que se convocase a comisión de seguimento do convenio. A comisión reuniuse o 21 de setembro de 2015, e nela o representante da AXI comunicou aos representantes do Concello de Moaña e de Augas de Galicia esta situación.

Na reunión da comisión de seguimento do convenio celebrada o 16 de novembro de 2015 o representante do Concello de Moaña propuxo a execución das obras nos seguintes termos:



Treito 2: o Concello poñerá á disposición os terreos necesarios para unha comunicación provisional entre os treitos 1 e 3, de forma que se permita o acceso á Avda. Concepción Arenal para, a través desta, acceder ao treito 3.

Treitos 5 e 6: execución con 3 metros de ancho en vez dos 6 metros previstos no proxecto.

A vontade da Xunta de Galicia é continuar coas obras para a execución do paseo en toda a extensión que o permiten as circunstancias expostas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2016

Directora Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 42863**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“a valoración e as demandas que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto 900/2015, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas das modalidades de subministración de enerxía eléctrica con autoconsumo e de produción de autoconsumo”**, (publicada no BOPG número 540 do 22 de outubro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas, con motivo do debate da pregunta 42861 que tivo lugar na sesión do 3 de novembro de 2015 da Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario. O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.gal/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:51:37&idvid=C3056759&duration=00:24:31&wmv=0000009255D-002-100kb.wmv&.”>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Senén Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia


1. The first part of the document is a list of the names of the persons who have been appointed to the various offices of the Board of Directors of the Corporation.




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 43162**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“os datos referidos ao estado de desenvolvemento do Plan sectorial de aparcadoiros disuasorios e a planificación da Xunta de Galicia ao respecto”**, (publicada no BOPG número 546 do 5 de novembro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Na actualidade están en servizo os aparcadoiros de Lonzas, na Coruña, e os de Domaio e Broullón, en Moaña. O número de prazas é 176, 32 e 73 respectivamente. Todos eles son gratuítos. Ademais, finalizaron as obras do aparcadoiro de Pontepedriña, en Santiago de Compostela, que dispón de 185 prazas para coches, 5 prazas máis adaptadas para persoas con discapacidade e prazas para motocicletas e bicicletas; tamén de uso gratuíto.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda seguirá avanzando na posta en marcha de aparcadoiros disuasorios nos ámbitos metropolitanos das grandes cidades galegas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Sanromán Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 43182**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa dotación de prazas de aparcamento do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela e as alternativas previstas para resolver o problema”**, (publicada no BOPG número 546 do 5 de novembro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O complexo hospitalario formado polo Hospital Clínico de Santiago e o Hospital Gil Casares dispón dunhas 1.000 prazas de aparcamento en superficie libres de uso, ademais de algo máis de 300 prazas de aparcamento de acceso controlado pensado para os profesionais.

Ademais, polo Concello de Santiago de Compostela tense outorgado en concesión un aparcamento cunha capacidade de 402 prazas, que é un aparcamento de pago.

Asemade, existen prazas de aparcamento nas rúas de acceso ao hospital e dispónse de xeito próximo dun aparcamento disuasorio gratuito en Santa Marta, que habitualmente ten prazas dispoñibles.

Por parte do Sergas lévanse a cabo actuacións de distinto tipo para ordenar o acceso ás zonas de aparcamento do hospital:

- Revisándose as autorizacións de accesos ás zonas restrinxidas para o persoal para traballadores que ocupen prazas estruturais nos centros correspondentes.
- Delimitando, como se ten feito este ano, zonas especiais de aparcamentos para motocicletas.

- Delimitando unha zona de estacionamento exprés para familiares de pacientes que acudan ao servizo de Urgencias nas inmediacións deste (20 prazas).

No que se refire ao transporte público ao hospital neste momento existen 4 liñas, a 1, a 12, a C2 e a C4, das que dúas delas teñen o seu paso pola estación de autobuses de Santiago.

O certo é que a dispoñibilidade de prazas gratuítas non garante un bo funcionamento do aparcamento do hospital.

Neste caso o Concello ten tomadas medidas a través dun aparcamento de pago nas inmediacións ao hospital, e ademais un aparcamento gratuíto, que é o de Santa Marta.

Pola nosa parte, entendemos que non é competencia do Sergas pero, malia iso, para mellorar o funcionamento dos servizos, consideramos que podería ser bo:

- Que se reduciran os prezos do aparcamento municipal, que se sitúan entre os maiores do Concello.
- Que se mellorase a sinalización para o aparcamento de Santa Marta nas proximidades do hospital, co obxecto de que parte do tráfico se puidese dirixir ata eses espazos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 43267**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre **“os criterios seguidos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para recortar o profesorado do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Xermade, a valoración das demandas da ANPA do centro na materia e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 551 do 12 de novembro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“En canto aos criterios que seguiu a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria á hora de establecer os recursos de profesores e profesoras do CEIP de Xermade, así como da petición de que se aumente o número de profesores e se desdobren o ciclos, dicir que neste centro, ao igual que nos demais centros da rede de centros públicos de Galicia, para determinar as unidades e os postos de traballo de profesorado de educación infantil, primaria e de especialistas séguense estritamente as normas xerais sobre catálogos de postos de traballo dos centros públicos, fixadas no acordo asinado pola Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais o 8 de xuño de 2007.

Calquera actuación nesta materia respecta as ditas normas xerais e aplícase atendendo aos datos de matrícula dos respectivos centros educativos, segundo constan rexistrados en XADE (xestión administrativa da educación).

Tendo en conta os parámetros indicados o centro está catalogado pola Orde do 29 de xullo de 2011, pola que se modificou o número de unidades e postos de traballo nos centros docentes públicos (DOG núm. 152, do 9 de agosto) con dúas (2) unidades de educación infantil e tres (3) de educación primaria.

Esta catalogación mantívose no presente curso 2015/16, debido a que non experimentou cambios significativos o alumnado matriculado no centro.

Dúas (2) unidades de educación infantil resultan adecuadas para atender a unha poboación escolar de 25 alumnas/os, en dous grupos de 15 e 10 alumnos/as respectivamente, moi por debaixo en ambas unidades da ratio de referencia para infantil (25 alumnos/as por unidade).

O mesmo se pode dicir das tres (3) unidades de educación primaria para atender a un colectivo de 53 alumnos/as. Pois, no caso da unidade que agrupa ao alumnado de 1º e 2º só ten un total de 15 alumnos/as, por debaixo da ratio de referencia para primaria (18 alumnos/as); no caso das outras dúas unidades, con 19 alumnos/as cada unha, se ben superan a ratio de referencia, é nun só alumno, é o criterio que vén seguindo a consellería é non crear unha unidade nestes supostos.

A Orde do 29 de xullo de 2011, fixou para o centro unha dotación de sete (7) postos de traballo docentes das seguintes especialidades: infantil (2), primaria (2), filoloxía inglesa (1), música (1), educación física (1).

A dotación docente efectiva do CEIP de Xermade presenta a seguintes matizacións:

Tomando como referencia a previsión da norma (Orde do 29 de xullo de 2011) e comparándoa coa dotación docente efectivamente existente no CEIP de Xermade, obsérvase que hai un profesor/a máis de filoloxía inglesa (2 en lugar de 1), reforzando esta especialidade porque a persoa titular da dirección do centro pertence a ela.

Pódese afirmar que a actual dotación de profesorado e o número de unidades educativas garante a atención das necesidades educativas do centro e a adecuada calidade do ensino.

En canto ao agrupamento de alumnado de distintos niveis educativos de infantil e primaria, insistir en que ante a diminución do alumnado é a primeira opción que considera sempre esta Administración, e a mellor para asegurar o mantemento dos centros escolares; ademais, é a opción máis respectuosa co principio de igualdade de oportunidades, e evita o illamento do alumnado nas súas respectivas residencias familiares o que impediría ou dificultaría o seu desenvolvemento persoal.



Tamén interesa destacar que o modelo de agrupamento non só se apoia en argumentos de eficiencia e economía no uso dos recursos públicos dispoñibles, senón que conta co aval dos expertos, mesmo no caso de que as diferenzas de idades sexan altas, sempre e cando o grupo non sexa moi numeroso, e existan os medios humanos e materias para o adecuado desenvolvemento académico e socialización do alumnado.

E no caso do CEIP de Xermade, o agrupamento é de alumnado de niveis consecutivos tanto en infantil como en primaria; no caso de infantil ademais, a ratio por unidade é moi baixa (15 e 10 alumnos/as en cada unha); e no caso de primaria, a unidade que agrupa alumnado de 1º e 2º, tamén ten unha ratio moi baixa (15 alumnos/as). Puntualmente, no curso 2015/16 as outras dúas unidades de primaria, con 19 alumnos/as cada unha, superan a ratio nun único alumno, exceso que, como non se traduce nunha mingua da calidade o ensino, non debe dar lugar a creación dunha unidade.

Polos motivos expostos, as necesidades do centro están correctamente atendidas.

En canto a se existe previsión de aumentar o profesorado especialista con expertos en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, cómpre lembrar os parámetros xerais que define o acordo asinado pola Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais o 8 de xuño de 2007, para determinar a dotación de profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, necesario para garantir a calidade do ensino, e en particular, para apoiar ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

As escolas de educación infantil (EEI) que teñen tres (3) ou máis unidades, contarán cun (1) especialista en audición e linguaxe.

A escolas de educación primaria (CEP) que teñan catro (4) ou máis unidades, contarán cun (1) especialista de pedagogía terapéutica; e ademais, cun (1) especialista en audición e linguaxe, cando teñan trece (13) ou máis unidades.

Cando se trate de centros de educación infantil e primaria (CEIP) e de centros públicos integrados (CPI), rexen os mesmos criterios xa expostos, e ademais, as ampliacións que indica o Acordo do 8 de xuño de 2007.

Estas ampliacións refírense a diferentes tipos de especialistas docentes. Pero, no caso dos especialistas mencionados (pedagogía terapéutica e audición e linguaxe), as medidas de ampliación concrétnanse en sumar as unidades de infantil e de primaria, para acadar as unidades mínimas necesarias para ter entre o profesorado do centro especialistas en audición e linguaxe, isto é: un (1) especialista a partir de trece (13) ou máis unidades; e dous (2) especialistas a partir de trinta (30) ou máis unidades.

Ademais, cando os centros públicos ordinarios integren alumnado con necesidades educativas específicas, pódense incrementar os especialistas en función do número e tipo de necesidades do alumnado, especialmente nas áreas de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

Polo exposto, o CEIP de Xermade non acada as unidades de infantil e primaria previstas no citado acordo para a catalogación á que fai referencia o escrito.

Para estes casos, cando os centros públicos ordinarios non dispoñan, en principio, de especialistas en pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe porque non acaden o número de unidades mínimas, a Administración educativa adopta as medidas oportunas para a tender as necesidades que xurdan, circunstancia que non se dá no presente caso.

Por outro lado, dicir que a aplicación da normativa autonómica sobre o galego, en especial, a aplicación das previsións do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG núm. 97, do 27 de maio), xunto coas demais liñas de actuación da consellería, poñen os medios adecuados e suficientes para que no ámbito do ensino se cumpran os fins previstos na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, en orde a garantir a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilitar a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos e a novas esferas da vida social, e moi especialmente, que



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

ao remate do ensino obrigatorio haxa igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 43625**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“o emprego de toponimia deturpada na denominación e rotulación do edificio da nova lonxa de Ribeira”**, (publicada no BOPG número 555 do 18 de novembro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar, a través do ente público Portos de Galicia, está a ultimar a posta en funcionamento das instalacións que constituirán a nova lonxa de Ribeira. Unha vez que conclúan as probas de verificación e comprobación que buscan asegurar un correcto funcionamento dos servizos que esta obra está destinada a ofrecer, a lonxa será obxecto de recepción pola Consellería, quedando lista para a súa inauguración.

En relación con estas obras, o pasado mes de novembro, a Secretaría Xeral de Política Lingüística recibiu un escrito presentado por Luís Antonio Pérez Barral, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego na corporación municipal de Ribeira, no que nos advertía da existencia dun erro toponímico na rotulación identificativa da nova lonxa, xa que, segundo afirmaba a comunicación recibida, o topónimo da localidade non aparecía na súa forma legal, ‘*Ribeira*’.

Neste sentido, é preciso lembrar que, dentro do contexto de cooficialidade lingüística recoñecida no Estatuto de Autonomía de Galicia, a toponimia aparece regulada fundamentalmente na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que dispón no seu artigo 10 o seguinte:

1. *Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.*
2. *Correspóndelle á Xunta de Galicia a determinación dos topónimos de Galicia.*

3. *Estas denominacións son as legais a todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulará a normalización da rotulación pública respectando en todos os casos as normas internacionais que subscriba o Estado.*

No caso concreto de Ribeira, ademais, esta localidade debe aterse ao establecido no Decreto 189/2003, do 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia da Coruña, normativa onde se recolle explicitamente que a denominación oficial do concello será '*Ribeira*'.

Pero non só a normativa autonómica galega se ocupa de dotar da debida protección ás formas toponímicas do país. A nivel estatal, a recentemente aprobada Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, busca concretar as actuacións que deben levar a cabo os distintos poderes públicos, no respectivo ámbito das súas competencias, co obxecto de preservar os bens que integran o referido patrimonio.

Con tal fin, o seu artigo 2 detalla as distintas manifestacións que se deben considerar parte do patrimonio cultural inmaterial, destacando entre elas as '*tradicións e expresións orais, incluídas as modalidades e particularidades lingüísticas como vehículo do patrimonio cultural inmaterial; así como a toponimia tradicional como instrumento para a concreción da denominación xeográfica dos territorios.*'

A Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) comparte a preocupación pola conservación das formas toponímicas galegas, e fai da súa defensa un dos seus criterios fundamentais de actuación.

En consecuencia, en cumprimento das obrigas que ten encomendadas na defensa do patrimonio toponímico de Galicia, e tras comprobar debidamente o contido do escrito que lle foi remitido, esta Secretaría Xeral de Política Lingüística procedeu a poñerse en contacto coa Consellería do Mar co fin de rectificar a devandita situación no máis breve prazo de tempo posible.

Así, o pasado 30 de novembro o Secretario Xeral estivo en condicións de remitir un carta de resposta a Luís Antonio Pérez Barral comunicándolle que, feitas as oportunas xestións, a



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

rotulación do topónimo da lonxa de Ribeira está xa a ser modificada para dar cumprimento ao establecido legalmente ao respecto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 43952, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“a demanda de atención educativa domiciliaria formulada pola nai dun neno enfermo de Mugardos e as medidas previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para lle garantir a todo o alumnado de ensino obrigatorio que non poida acudir ás aulas polo feito de padecer unha enfermidade de longa duración.”**, (publicada no BOPG número 560 do 26 de novembro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Entendemos que por un erro no plantexamento da pregunta, cando se refiren ao ‘nenos de Mugardos’, correspóndese co caso do rapaz de Muxía (cando nomean ao rapaz afectado, fan referencia ao de Muxía tamén).

Sendo así, esta información foi ofrecida ao Parlamento de Galicia polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao dar resposta á pregunta 44337, do mesmo autor, na sesión plenaria do 1 e 2 de decembro de 2015.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Bianca García Ceñoráns Álvarez



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 44118**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego diante do Goberno central en relación coa exclusión de Galicia do Plan de incentivación do uso de autoestradas para vehículos pesados”**, (publicada no BOPG número 560 do 26 novembro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A comezos de xullo de 2015 o Ministerio de Fomento puxo en marcha o plan de desvío voluntario de tráfico pesado das estradas convencionais ás autopistas de peaxe para mellorar a funcionalidade das estradas libres de peaxe dependentes da Administración Xeral do Estado que discorren paralelas a itinerarios de peaxe.

Este plan persegue que os transportistas de vehículos pesados (de 4 ou máis eixes) usen as autopistas de peaxe naqueles tramos onde sexan unha mellor alternativa á estrada convencional, ofrecéndolles unha bonificación de ata o 50% da peaxe. Establecéronse inicialmente seis tramos de aplicación da medida (318 quilómetros) cun período de proba de cinco meses.

O 6 de xullo de 2015 publicouse no BOE o Real Decreto 610/2015, de 3 de xullo, polo que se aprobaba o convenio entre a Administración Xeral do Estado e Autopistas do Atlántico, Concesionaria Española, S.A., para a aplicación temporal de medidas de bonificación para determinados vehículos pesados na autopista AP-9 no tramo Puxeiros-Porriño.

Este convenio establecía as seguintes reducións no importe da peaxe para todos os vehículos da categoría ‘pesados 2’ co requisito de utilizar para o pagamento un dispositivo de telepeaxe VIA-T:

-redución do 35% do importe da peaxe a todos os vehículos que circulen polo tramo Puxeiros-Porriño;

-redución adicional á anterior ata acadar o 43,45% do importe da peaxe a aqueles vehículos que recorran exclusivamente o tramo Puxeiros-Porriño.

O convenio foi efectivo desde o 7 de xullo de 2015 ata o 30 de novembro de 2015. O Ministerio de Fomento ten manifestado o seu interese de dar continuidade a este plan no 2016 e de que se poida estender a novos tramos da rede de autopistas de peaxe estatal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 39859**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a resolución adoptada pola Comisión Europea en relación cos proxectos galegos presentados ao abeiro do mecanismo denominado «Conectar Europa», para o período 2014-2020, de axudas financeiras no ámbito das redes transeuropeas de transporte e enerxía”**, (publicada no BOPG número 512 do 3 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No seu compromiso con Galicia, a convocatoria de fondos europeos do programa Conectar Europa foi aproveitada polo Goberno de España para a solicitude de axudas europeas para o financiamento de varias actuacións na Comunidade galega.

Aprobáronse dous proxectos que afectan a Galicia: a instalación do sistema ERTMS no Eixe Atlántico ferroviario entre A Coruña e Santiago e no tramo Lubián-Ourense da LAV Madrid-Galicia; e o proxecto de accesibilidade universal en estacións de pasaxeiros, na que se inclúen as estacións da Coruña, de Santiago e de Ourense. Proxectos para os cales se aprobou unha axuda de 9,35 millóns de euros en total.

O mecanismo Conectar Europa ten, para o período 2014-2020, unha dotación orzamentaria de 26.250 millóns de euros para proxectos da rede transeuropea de transportes, dos cales 11.930 millóns de euros se puxeron á disposición nesta primeira convocatoria.


Desde a Xunta de Galicia seguirase insistindo para que estes fondos contribúan ao financiamento de infraestruturas clave na Comunidade, de xeito que poidan incluírse as actuacións que se solicitaran ou outras que xurdan.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



A handwritten signature in black ink, appearing to read "Blanca García-Señoráns Álvarez". The signature is fluid and cursive, extending to the right of the stamp.

Blanca García-Señoráns Álvarez



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 39213**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa e don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego do proceso de venda da empresa R Cable á operadora Euskaltel”**, (publicada no BOPG número 504 do 10 de agosto de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 39212 que tivo lugar na sesión do Pleno de 30 de setembro de 2015.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.gal/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=02:23:20&idvid=C3037536&duration=00:11:55&wmv=0000009209D-002-100kb.wmv&>

Ambas as dúas preguntas son dos mesmos autores e tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 39405**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa e don Miguel Ángel Tellado Filgueira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación que fai a Xunta de Galica das expectativas futuras, as previsións de negocio e de xeración de carga de traballo para os asteleiros da ría de Ferrol ao abeiro dos novos contratos conseguidos por Navantia para a fabricación de compoñentes da eólica mariña”**, (publicada no BOPG número 504 do 10 de agosto de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 39406 que tivo lugar na sesión do Pleno de 11 de novembro de 2015.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.gal/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=01:49:14&idvid=C3062785&duration=00:24:10&wmv=0000009276F-002-100kb.wmv&>

Ambas as dúas preguntas son de igual tema e autoría.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 39418**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa e don Miguel Ángel Tellado Filgueira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación da Xunta de Galicia coas oportunidades de futuro que o establecemento do hub gasístico pode supoñer para a economía da comarca de Ferrolterra”**, (publicada no BOPG número 504 do 10 de agosto de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 39419 que tivo lugar na sesión do Pleno de 2 de decembro de 2015.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.gal/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:53:49&idvid=C3081007&duration=00:11:50&wmv=0000009320M-002-100kb.wmv&>.

Ambas as dúas preguntas versan sobre o mesmo tema e son da mesma autoría.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40621**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa e don Moisés Blanco Paradelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para o aproveitamento dos recursos europeos do Fondo Tecnolóxico 2007-2013 destinado ao impulso da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico empresarial, os datos referentes á súa execución e o número de proxectos beneficiados”**, (publicada no BOPG número 516 do 10 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 40622 que tivo lugar na sesión do Pleno de 30 de setembro de 2015.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.gal/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=02:48:06&idvid=C3037538&duration=00:11:26&wmv=0000009209D-002-100kb.wmv&>

Ambas as dúas preguntas versan sobre similar tema e teñen a mesma autoría.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 38578**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Antonio Sánchez Bugallo e outros/as deputados/as máis, sobre **“os acordos acadados polo Goberno galego coas entidades financeiras para lles evitar ás familias a perda da súa vivenda por razóns económicas”**, (publicada no BOPG número 509 do 27 de agosto de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Acadáronse acordos con Abanca, Caixa Rural Galega e Banco de Sabadell.

Os acordos teñen dúas partes, referidas a execucións hipotecarias e á cesión de vivendas baleiras. Garanten, en primeiro lugar, que as familias sen recursos afectadas por execucións hipotecarias dependentes destas entidades non terán que abandonar a súa vivenda e poderán permanecer nela un prazo dun ano, prorrogable ata tres, cun alugueiro social que non sobrepasará os 75 euros, en función da súa situación económica e contando co apoio financeiro do IGVS. En segundo lugar, as entidades comprométense a poñer á disposición da Xunta vivendas destinadas a familias afectadas por un desafiuzamento ou en risco de exclusión social pagando un alugueiro máximo de 125 euros ao mes.

O acordo con Abanca asinouse o 6 de xullo de 2015; o convenio coa Caixa Rural Galega o 7 de xullo de 2015; e o de Banco de Sabadell o 29 de setembro de 2015.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García Señoráns Álvarez



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 38766**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Antonio Sánchez Bugallo e outros/as deputados/as máis, sobre **“o contido concreto dos acordos asinados con Abanca e outras entidades financieras”**, (publicada no BOPG número 510 do 28 de agosto de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Acadáronse acordos con Abanca, Caixa Rural Galega e Banco de Sabadell. Os acordos teñen dúas partes, referidas a execucións hipotecarias e á cesión de vivendas baleiras. Garanten, en primeiro lugar, que as familias sen recursos afectadas por execucións hipotecarias dependentes destas entidades non terán que abandonar a súa vivenda e poderán permanecer nela un prazo dun ano, prorrogable ata tres, cun alugueiro social que non sobrepasará os 75 euros, en función da súa situación económica e contando co apoio financeiro do IGVS. En segundo lugar, as entidades comprométense a poñer á disposición da Xunta vivendas destinadas a familias afectadas por un desafuzamento ou en risco de exclusión social pagando un alugueiro máximo de 125 euros ao mes.

O acordo con Abanca asinouse o 6 de xullo de 2015; o convenio coa Caixa Rural Galega o 7 de xullo de 2015; e o de Banco de Sabadell o 29 de setembro de 2015.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

Blanca García-Seniorán Álvarez





Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 39437**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Alejandro Gómez Alonso, sobre “**a valoración do Goberno galego dos servizos implantados na Liña de Alta Velocidade (LAV) do Eixo Atlántico**”, (publicada no BOPG número 504 do 10 de agosto de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O 18 de abril de 2015 puxéronse en servizo os tramos que quedaban pendentes entre Vigo e Santiago do Eixe Atlántico de Alta Velocidade, completándose os 155,6 km entre Vigo e A Coruña e cumpríndose a data prevista para o seu remate.

Na actualidade xa é posible recorrer os 155,6 km que unen Vigo e A Coruña, nun tempo aproximado dunha hora e vinte minutos e o traxecto entre Vigo e Santiago nuns 50 minutos, o que supón unha considerable redución dos tempos de viaxe dos servizos de media distancia en Galicia.

Desde a súa posta en marcha no mes de abril o Eixe Atlántico de Alta Velocidade xa se aproxima aos dous millóns de pasaxeiros, o que demostra o éxito do servizo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 39710**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para impulsar a posta en servizo de servizos ferroviarios de proximidade en Galicia”**, (publicada no BOPG número 512 do 3 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Nos últimos tempos a situación da rede ferroviaria galega experimentou cambios e melloras importantes.

A chegada da alta velocidade a Galicia supuxo obras de novo trazado para as liñas ferroviarias e outras de modernización das vías convencionais xa existentes.

A entrada en funcionamento do Eixe Atlántico en 2015 supuxo un avance fundamental para a mobilidade, e a chegada da alta velocidade en 2018 permitirá chegar a Madrid en arredor de 3 horas.

En canto á oferta de servizos, as administracións públicas deben velar pola existencia dunha oferta acorde á demanda existente que atenda ás demandas de mobilidade obrigada (desprazamentos diarios ao traballo, aos centros de estudos...), facilite a conectividade e a mobilidade dos usuarios, e responda aos intereses da maioría. Esta oferta de servizos non ten por que estar conformada necesariamente polo modo ferroviario, senón por aquel modo de transporte que en cada caso mellor se adapte á demanda que é preciso atender.


De feito, dada a dispersión poboacional de Galicia, o sistema ferroviario non sempre é o que proporciona unha oferta máis axeitada ás necesidades da poboación pola súa menor accesibilidade. Neste sentido, o transporte colectivo en autobús ten a capacidade de proporcionar unha malla que cubra unha área xeográfica máis ampla.

Coa finalidade de promover o emprego do transporte público e mellorar a mobilidade nas áreas metropolitanas de Galicia, a Xunta puxo en marcha en 2010 o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, que xa se atopa activo nas áreas metropolitanas da Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo; e estase a traballar para a súa implantación na área metropolitana de Ourense.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 39979**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“os investimentos para a construción do acceso ao establecemento comercial de Mercadona no parque empresarial de Cee”**, (publicada no BOPG número 512 do 3 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta oral en comisión número 32491, convertida en escrita por fin de período de sesións febreiro-xuño de 2015, de idéntico contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario; e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 513, do 7 de setembro de 2015, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40077**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“as dificultades existentes para a instalación de ascensores nos edificios de vivendas que carecen del, e, en concreto, na cidade da Coruña, e as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso das modificacións lexislativas precisas co fin de facilitar a súa colocación”**, (publicada no BOPG número 512 do 3 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia foi modificada para facilitar a expropiación necesaria para a mellora da accesibilidade nos edificios de vivendas. A dita modificación realizouse a través da lei de acompañamento aos Orzamentos da Xunta para 2016 (Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas). Esta modificación permite dar solución á expropiación polos concellos daqueles elementos privativos ou comúns necesarios para a realización de obras ou instalacións necesarias coa debida acreditación da imposibilidade de acudir a outras alternativas que resulten menos gravosas ao dereito á propiedade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40201**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o inicio dunha actuación de carácter integral que garanta a seguridade viaria das estradas C-552, AC-Coruña-Fisterra e C-550 Muros-Cee ao seu paso pola vila de Cee”**, (publicada no BOPG número 516 do 10 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 34550, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, e publicada no BOPG número 462, do 13 de maio de 2015, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40466**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Alejandro Gómez Alonso e don Enrique Nóvoa López, sobre **“as previsións do Goberno galego para a licitación do proxecto construtivo de conexión do polígono industrial de San Cibrao das Viñas coa autovía A-52, así como seu impacto no contorno urbano”**, (publicada no BOPG número 516 do 10 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 40473, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, incluída na sesión plenaria celebrada o 27 e 28 de outubro de 2015, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
27 XAN. 2016
Núm. 46092

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
26 XAN. 2016
S A I D A
Num. 85

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40467**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Javier Jorge Guerra Fernández e de don Alejandro Gómez Alonso, sobre **“o estado de redacción dos novos proxectos construtivos de conversión do corredor do Morrazo en autovía, así como o prazo previsto para o inicio das obras”**, (publicada no BOPG número 516 do 10 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto do subtreito I (puntos quilométricos 0+000 – 3+250) foi aprobado o 6 de marzo de 2015. A licitación da obra para o desdoblamento deste primeiro subtreito publicouse no Diario Oficial de Galicia do 13 de abril de 2015, por un importe de 19,7 M€. O contrato adxudicouse o 29 de xullo de 2015 e as obras comezaron no mes de outubro de 2015.

En canto ao proxecto do subtreito II (puntos quilométricos 3+250 - 7+300), foi aprobado o 11 de agosto de 2015. O 14 de decembro de 2015 publicouse na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia a licitación das obras, cun orzamento base de licitación de preto de 18 millóns de euros (DOG do 16 de decembro de 2015).

Polo que respecta ao subtreito III (puntos quilométricos 7+300 - 11+150), nestes momentos o proxecto está en fase de redacción.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40471**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Alejandro Gómez Alonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para a posta en servizo da vía de altas prestacións entre Sarria e Monforte”**, (publicada no BOPG número 516 do 10 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda, en resposta á pregunta oral en Pleno número 40478, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, incluída na sesión plenaria celebrada o 10 e 11 de novembro de 2015, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40823**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa e don Antón Sánchez García, sobre **“o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a dotación dos fondos necesarios para a construción de beirarrúas que conecten o lugar de Vilariño, na parroquia de Cespón, no concello de Boiro, co lugar de Carrofeiro-Cimadevila”**, (publicada no BOPG número 519 do 15 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O 11 de decembro de 2015 foron licitadas as obras de construción dunha senda peonil nun treito da estrada AC-305, no concello de Boiro, por importe de 161.000 euros.

A intervención, cun prazo de execución de seis meses, pretende dotar de sendas peonís un treito de preto dun quilómetro de lonxitude: concretamente, o tramo da AC-305 desde Vilariño, á altura da Cruz Vermella, ata a entrada da travesía de Boiro; conectando dúas zonas que, neste momento, xa dispoñen de espazo reservado para os peóns. O trazado da senda definiuse desde as beiravías existentes e vai alternando ambas as marxes, para aproveitar ao máximo o espazo do dominio público da estrada e facilitar os movementos dos peóns.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García Señorán Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41106**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e don José Luís Méndez Romeu, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto do estado en que se atopa a estación de autobuses de Carballo, as razóns da demora na convocatoria do concurso para a súa xestión, así como o prazo e investimento previstos para a súa modernización”**, (publicada no BOPG número 525 do 24 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Coa finalidade de fomentar o uso do transporte público, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda puxo en marcha o Plan Renove das estacións de autobuses de Galicia, que prevé a mellora e modernización da rede de estacións de transporte público por estrada da Comunidade Autónoma.

O principal obxectivo deste plan é engadir valor a estas instalacións de servizo público, ao mesmo tempo que se mellora a calidade que perciben os usuarios ao potenciar aspectos como: a accesibilidade, información aos usuarios, supresión de barreiras arquitectónicas, intermodalidade, etc., tendo en conta que a maioría das estacións da rede galega foron construídas entre os anos 70 e 90, sen que estean adaptadas ás novas esixencias normativas de accesibilidade, tanto desde o punto de vista dos modos de transporte como dos usuarios.


En aplicación deste Plan Renove, entre os meses de xullo e setembro de 2014 executáronse actuacións de mellora da accesibilidade e de mellora das instalacións na estación de autobuses de Carballo.

Cómpre lembrar, ademais, que os Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2016 recollen unha partida de 270.000 euros para actuacións de mellora e conservación en estacións de autobuses.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm.a. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc




En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41423**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“os proxectos do Goberno galego para a parcela que posúe no espazo onde conflúen a rúa Xoán XXIII e a Costa Nova de Arriba, en Santiago de Compostela, e as súas previsións respecto da continuación do proxecto de construción de 40 vivendas protexidas no núcleo histórico da cidade para ofertalas en réxime de alugamento a persoas menores de 35 anos”**, (publicada no BOPG número 525 do 24 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O obxectivo da Xunta de Galicia coa política de vivenda de promoción pública, sexa de nova construción ou rehabilitada, é dar resposta ao maior número posible de demandantes da mesma, demanda contrastada a través do Rexistro de Demandantes.

A permuta da parcela de Xoán XXIII pola construción de vivendas de promoción pública en Lamas de Abade permite rendibilizar ao máximo os recursos públicos dispoñibles.

Fronte ao beneficio social indubidable da opción adoptada pola Xunta de Galicia, o proxecto do Goberno bipartito, defendido polo BNG, supoñía a construción de pequenos apartamentos e non de vivendas, o que implicaba excluír dos mesmos a todas as familias con fillos inscritas no Rexistro de Demandantes, limitando a oferta a unha pequena parte dos solicitantes.



Por outra parte, os pequenos apartamentos contemplados no proxecto do bipartito só dan resposta temporal á demanda de vivenda, xa que a realidade demostra que a demanda é para vivendas de maior superficie.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García Senoráns Álvarez


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 42129, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Soledad Soneira Tajés e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación en que se atopa o servizo público de transporte na Costa da Morte, a realización polo Goberno galego dalgunha inspección do grao de cumprimento das condicións establecidas na súa adxudicación e as medidas previstas para garantir a súa calidade”**, (publicada no BOPG número 531 do 7 de outubro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 42128, formulada polo mesmo grupo parlamentario, e incluída na sesión plenaria do 27 de outubro de 2015, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42852**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da execución da reforma da estación de autobuses de Monforte de Lemos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016”**, (publicada no BOPG número 540 do 22 de outubro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 42856, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 571, do 14 de decembro de 2015, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43735**, formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de dona Carmen Iglesias Sueiro e dona María Consuelo Martínez García, sobre **“as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito a unha vivenda digna e loitar contra a pobreza enerxética”**, (publicada no BOPG número 555 do 18 de novembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Desde o ano 2012 a Xunta de Galicia implantou un total de 10 medidas encamiñadas a dar cobertura ás persoas que están en risco de perder a vivenda ou xa a perderon, e todas elas teñen a debida información pública sobre as condicións e forma de solicitude e tramitación. Ademais, están previstas e dotadas orzamentariamente para dar cobertura a todas as persoas que se poidan atopar nunha situación de perda da súa vivenda habitual.

As dez medidas son as seguintes:

1. **Lei 8/2012**, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia, que estableceu medidas para evitar os desafiuzamentos nas vivendas de promoción pública e permitir a dación en pago nas vivendas protexidas.
2. **Programa de Realoxo de Afectados por Execucións Hipotecarias**, aprobado polo Consello da Xunta o 5 de decembro de 2012 e que segue en vigor. Ten por finalidade dar cobertura a todas as persoas que perdan a súa única vivenda nun

procedemento de execución hipotecaria, soliciten a inclusión no programa e teñan uns ingresos ponderados inferiores a 2,5 veces o IPREM.

3. **Convenio entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a FEGAMP**, asinado o 8 de abril de 2013, co obxecto de establecer un protocolo de actuación conxunta para detectar os casos de especial vulnerabilidade en procedementos de lanzamento de vivenda familiar e adoptar medidas de carácter social e de realoxo que evite os efectos da perda de vivenda.

4. **Programa Reconduce**, posto en marcha o 3 de outubro de 2013, cun enfoque preventivo e coa finalidade de crear un marco de coordinación dos servizos das diferentes consellerías que se poñen á disposición para dar apoio ás persoas e familias en risco ou situación de desafiuzamento.

5. **Plan rehaVita**, Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, aprobado polo Consello da Xunta o 12 de febreiro de 2015, que pretende facilitar o acceso á vivenda ás familias que máis o necesitan e que inclúe unha serie de medidas tendentes a reforzar o Programa de Realoxo de Afectados por Execucións Hipotecarias.

6. **Convenio coa Sareb**, asinado no marco do Plan rehaVita o 17 de marzo de 2015, co obxecto de que o IGVS poida dispoñer de vivendas desta sociedade con destino a aluguer social para as persoas con maiores dificultades e de forma especial para os afectados por execucións hipotecarias.

7. **Convenios de colaboración con varias entidades financeiras** coa finalidade de solucionar as necesidades residenciais de persoas afectadas por execucións hipotecarias. Os convenios asináronse con Abanca o 6 de xullo de 2015; Caixa Rural Galega o 7 de xullo; e Banco de Sabadell en setembro de 2015. Previsiblemente sumaranse máis entidades.

As entidades comprométense a non desalojar vivendas sometidas a execución hipotecaria, permitindo aos afectados continuar nas mesmas en réxime de aluguer social e, por outra parte, ceden vivendas baleiras da súa propiedade para aluguer social.



8. **Convenio co Valedor do Pobo** para canalizar as posibles situacións de especial necesidade de vivenda de tal xeito que puideran ser avaliadas e, no seu caso, atendidas de forma inmediata polo IGVS.

9. **Bono de Alugueiro Social**, aprobado polo Consello da Xunta en agosto de 2015, que facilita apoio urxente, inmediato e puntual a familias que precisen dunha especial atención pola perda da vivenda habitual en réxime de aluguer ante a imposibilidade de facer fronte ao pagamento da renda.

O Bono de Alugueiro Social consiste nunha axuda de 150 euros mensuais durante doce meses, prorrogables por outros doce. E ademais, disporán tamén dunha axuda única de 450 euros para facer fronte a pagos atrasados ou aos gastos de formalización dun novo contrato.

10. **Censo de Vivendas Baleiras**, que se implantará en 2016 e permitirá coñecer a situación real das vivendas baleiras en Galicia, propiedade de entidades financeiras e da SAREB, co obxecto de poder deseñar as oportunas políticas públicas orientadas á ocupación das mesmas.

Á vista de todo o sinalado, a Xunta de Galicia dispón actualmente dun conxunto de medidas que permite atender as situacións de necesidade das persoas afectadas pola perda da súa vivenda pola imposibilidade de pagamento da mesma.

Ademais destas medidas, o Instituto Galego da Vivenda e Solo é propietario dun parque público de vivenda en alugueiro que se aproxima ás 2.800 vivendas, adxudicadas ás familias máis desfavorecidas de Galicia.

Por outra parte, o Plan rehaVIta, plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellor acceso á vivenda, presentado no Parlamento de Galicia, reúne todas as actuacións e axudas destinadas a facilitar o acceso dos cidadáns á vivenda, en alugueiro ou en compravenda, así como á mellora das condicións de vida das familias que xa dispoñen de vivenda, a través das axudas de rehabilitación.

Todas as actuacións directas e axudas incluídas no dito Plan rehaVlta teñen un alto compoñente social e diríxense, fundamentalmente, a quen máis o necesita.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 44116**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego diante do Goberno central en relación coa exclusión de Galicia do Plan de incentivación do uso de autoestradas para vehículos pesados”**, (publicada no BOPG número 560 do 26 de novembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A comezos de xullo de 2015 o Ministerio de Fomento puxo en marcha o plan de desvío voluntario de tráfico pesado das estradas convencionais ás autopistas de peaxe para mellorar a funcionalidade das estradas libres de peaxe dependentes da Administración Xeral do Estado que discorren paralelas a itinerarios de peaxe.

Este plan persegue que os transportistas de vehículos pesados (de 4 ou máis eixes) usen as autopistas de peaxe naqueles tramos onde sexan unha mellor alternativa á estrada convencional, ofrecéndolles unha bonificación de ata o 50% da peaxe. Establecéronse inicialmente seis tramos de aplicación da medida (318 quilómetros) cun período de proba de cinco meses.

O 6 de xullo de 2015 publicouse no BOE o Real Decreto 610/2015, de 3 de xullo, polo que se aprobaba o convenio entre a Administración Xeral do Estado e Autopistas do Atlántico, Concesionaria Española, S.A., para a aplicación temporal de medidas de bonificación para determinados vehículos pesados na autopista AP-9 no tramo Puxeiros-Porriño.

Este convenio establecía as seguintes reducións no importe da peaxe para todos os vehículos da categoría ‘pesados 2’ co requisito de utilizar para o pagamento un dispositivo de telepeaxe VIA-T:

-redución do 35% do importe da peaxe a todos os vehículos que circulen polo tramo Puxeiros-Porriño;

-redución adicional á anterior ata acadar o 43,45% do importe da peaxe a aqueles vehículos que recorran exclusivamente o tramo Puxeiros-Porriño.

O convenio foi efectivo desde o 7 de xullo de 2015 ata o 30 de novembro de 2015. O Ministerio de Fomento ten manifestado o seu interese de dar continuidade a este plan no 2016 e de que se poida estender a novos tramos da rede de autopistas de peaxe estatal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Senhoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38257**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa e dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“a actuación da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas no referido ao Plan de desenvolvemento económico-industrial das Pontes”**, (publicada no BOPG número 490 do 2 de xullo de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas, con motivo do debate da pregunta 38256 que tivo lugar na sesión do 10 de setembro de 2015 da Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.gal/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=01:55:34&idvid=C3021346&duration=00:17:11&wmv=0000009179W-002-100kb.wmv&>

Ambas as dúas preguntas versan sobre o mesmo tema e son de igual autoría.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

1. The first part of the document is a list of the names of the persons who have been named in the document. The names are listed in alphabetical order.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38261**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“o sistema de transporte público que propón o Goberno galego para o traslado das persoas potencialmente usuarias ao novo hospital de Vigo”**, (publicada no BOPG número 490 do 2 de xullo de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 38260, formulada polo mesmo grupo parlamentario, e incluída na sesión da Comisión 5ª celebrada o 10 de setembro de 2015, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38372**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luís Méndez Romeu e outros/as deputados/as máis, sobre **“a previsión do Goberno galego en relación coa rehabilitación dos edificios de titularidade autonómica no casco histórico de Betanzos”**, (publicada no BOPG número 509 do 27 de agosto de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Actualmente existen 67 áreas de rehabilitación declaradas en Galicia. Unha desas áreas corresponde ao casco vello do concello de Betanzos, que ademais se beneficia das axudas da Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago.

A rehabilitación dos edificios adquiridos polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) no casco vello de Betanzos non ten que ver coa Área de Rehabilitación Integral declarada no casco vello de Betanzos, xa que a rehabilitación dos ditos edificios se realizará exclusivamente con cargo a fondos do propio IGVS.

O Diario Oficial de Galicia publicou o pasado 13 de novembro a licitación da redacción e dirección das obras de rehabilitación de tres dos edificios adquiridos polo IGVS en Betanzos, emprazados na rúa Clérigos 13, rúa da Cerca 9 e rúa da Cerca 13. Estes traballos permitirán dispor de oito vivendas e tres locais comerciais. As vivendas serán cualificadas como de promoción pública e pasarán a integrar o parque de vivenda pública en alugueiro propiedade do IGVS, que na actualidade conta con arredor de 2.800 vivendas adxudicadas en réxime de aluguer.

As obras de rehabilitación está previsto inicialas en 2016 e cando se remate a rehabilitación dos tres edificios o IGVS terá investidos arredor de 1,2 millóns de euros entre o custo de adquisición destes, os traballos técnicos e as obras de rehabilitación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38826**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as máis, sobre **“a valoración que fai o Goberno do desenvolvemento da iniciativa Ponlle as pilas ao teu bocata”**, (publicada no BOPG número 510 do 28 de agosto de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que esta cuestión xa foi contestada na Comisión 8ª do 9 de setembro de 2015, por parte do director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da iniciativa 38825, dos mesmos autores e idéntico tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 39154**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as máis, sobre **“o convenio de colaboración asinado entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Cruz Vermella para cooperar en materia de salvamento marítimo e seguridade”**, (publicada no BOPG número 500 do 31 de xullo de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que esta cuestión xa foi contestada na Comisión 8ª do 22 de setembro de 2015, por parte do subdirector xeral de Gardacostas de Galicia, a través da iniciativa 39153, dos mesmos autores e idéntico tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

1. The first step is to identify the problem.
2. The second step is to analyze the problem.
3. The third step is to develop a solution.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 39156**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as máis, sobre **“a regulación dos parques de cultivo de moluscos de Carril (Vilagarcía de Arousa)”**, (publicada no BOPG número 500 do 31 de xullo de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto xa foi contestado na Comisión 8ª do 16 de decembro de 2015, por parte do director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da iniciativa 39155, de idéntico tema e mesmos deputados formulantes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Senhorans Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 39431**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Jaime Castiñeira Broz e outros/as deputados/as máis, sobre **“a valoración por parte do Goberno galego en relación ao Programa de realoxo de afectados por procesos de desafiuzamento.”**, (publicada no BOPG número 504 do 10 de agosto de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Desde o ano 2012 a Xunta de Galicia implantou un total de 10 medidas encamiñadas a dar cobertura ás persoas que están en risco de perder a vivenda ou xa a perderon, e todas elas teñen a debida información pública sobre as condicións e forma de solicitude e tramitación. Ademais, están previstas e dotadas orzamentariamente para dar cobertura a todas as persoas que se poidan atopar nunha situación de perda da súa vivenda habitual.

As dez medidas son as seguintes:

1. **Lei 8/2012**, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia, que establece medidas para evitar os desafiuzamentos nas vivendas de promoción pública e permitir a dación en pago nas vivendas protexidas.
2. **Programa de Realoxo de Afectados por Execucións Hipotecarias**, aprobado polo Consello da Xunta o 5 de decembro de 2012 e que segue en vigor. Ten por finalidade dar cobertura a todas as persoas que perdan a súa única vivenda nun procedemento de execución hipotecaria, soliciten a inclusión no programa e teñan uns ingresos ponderados inferiores a 2,5 veces o IPREM.

3. **Convenio entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a FEGAMP**, asinado o 8 de abril de 2013, co obxecto de establecer un protocolo de actuación conxunta para detectar os casos de especial vulnerabilidade en procedementos de lanzamento de vivenda familiar e adoptar medidas de carácter social e de realoxo que evite os efectos da perda de vivenda.

4. **Programa Reconduce**, posto en marcha o 3 de outubro de 2013, cun enfoque preventivo e coa finalidade de crear un marco de coordinación dos servizos das diferentes consellerías que se poñen á disposición para dar apoio ás persoas e familias en risco ou situación de desafiuzamento.

5. **Plan rehaVlta**, Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, aprobado polo Consello da Xunta o 12 de febreiro de 2015, que pretende facilitar o acceso á vivenda ás familias que máis o necesitan e que inclúe unha serie de medidas tendentes a reforzar o Programa de Realoxo de Afectados por Execucións Hipotecarias.

6. **Convenio coa Sareb**, asinado no marco do Plan rehaVlta o 17 de marzo de 2015, co obxecto de que o IGVS poida dispoñer de vivendas desta sociedade con destino a aluguer social para as persoas con maiores dificultades e de forma especial para os afectados por execucións hipotecarias.

7. **Convenios de colaboración con varias entidades financeiras** coa finalidade de solucionar as necesidades residenciais de persoas afectadas por execucións hipotecarias. Os convenios asináronse con Abanca o 6 de xullo de 2015; Caixa Rural Galega o 7 de xullo; e Banco de Sabadell en setembro de 2015. Previsiblemente sumaranse máis entidades.

As entidades comprométense a non desaloxar vivendas sometidas a execución hipotecaria, permitindo aos afectados continuar nas mesmas en réxime de aluguer social e, por outra parte, ceden vivendas baleiras da súa propiedade para aluguer social.

8. **Convenio co Valedor do Pobo** para canalizar as posibles situacións de especial necesidade de vivenda de tal xeito que puideran ser avaliadas e, no seu caso, atendidas de forma inmediata polo IGVS.



9. **Bono de Alugueiro Social**, aprobado polo Consello da Xunta en agosto de 2015, que facilita apoio urxente, inmediato e puntual a familias que precisen dunha especial atención pola perda da vivenda habitual en réxime de aluguer ante a imposibilidade de facer fronte ao pagamento da renda.

O Bono de Alugueiro Social consiste nunha axuda de 150 euros mensuais durante doce meses, prorrogables por outros doce. E ademais, disporán tamén dunha axuda única de 450 euros para facer fronte a pagos atrasados ou aos gastos de formalización dun novo contrato.

10. **Censo de Vivendas Baleiras**, que se implantará en 2016 e permitirá coñecer a situación real das vivendas baleiras en Galicia, propiedade de entidades financeiras e da SAREB, co obxecto de poder deseñar as oportunas políticas públicas orientadas á ocupación das mesmas.

Á vista de todo o sinalado, a Xunta de Galicia dispón actualmente dun conxunto de medidas que permite atender as situacións de necesidade das persoas afectadas pola perda da súa vivenda pola imposibilidade de pagamento da mesma.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

27 XAN. 2016

Núm. 46094



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 39438**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Alejandro Gómez Alonso, sobre **“a valoración do Goberno galego dos servizos implantados na Liña de Alta Velocidade (LAV) do Eixo Atlántico”**, (publicada no BOPG número 504 do 10 de agosto de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O 18 de abril de 2015 puxéronse en servizo os tramos que quedaban pendentes entre Vigo e Santiago do Eixe Atlántico de Alta Velocidade, completándose os 155,6 km entre Vigo e A Coruña e cumpríndose a data prevista para o seu remate.

Na actualidade xa é posible recorrer os 155,6 km que unen Vigo e A Coruña, nun tempo aproximado dunha hora e vinte minutos e o traxecto entre Vigo e Santiago nuns 50 minutos, o que supón unha considerable redución dos tempos de viaxe dos servizos de media distancia en Galicia.

Desde a súa posta en marcha no mes de abril o Eixe Atlántico de Alta Velocidade xa se aproxima aos dous millóns de pasaxeiros, o que demostra o éxito do servizo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 39440**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Alejandro Gómez Alonso, sobre **“a situación na que se atopan os proxectos das estacións intermodais das cidades galegas”**, (publicada no BOPG número 504 do 10 de agosto de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta licitou a finais de marzo de 2015 o contrato de servizo para a elaboración dos estudos previos da terminal de autobuses integrada na estación intermodal da Coruña. O contrato asinouse con data 19 de xuño de 2015. Os estudos previos rematáronse recentemente.

A Xunta licitou a finais de marzo de 2015 o contrato de servizo para a elaboración dos estudos previos da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Santiago de Compostela. O contrato asinouse con data 19 de xuño de 2015. Os estudos previos rematáronse recentemente. O 10 de decembro de 2015 licitouse o contrato de servizo para a redacción dos proxectos básico e de execución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Santiago de Compostela.

A Xunta licitou a comezos de maio de 2015 o contrato de servizo para a elaboración dos estudos previos da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Ourense. O contrato asinouse con data 6 de agosto de 2015. Os estudos previos rematáronse recentemente. O 30 de decembro de 2015 licitouse o contrato de servizo para a redacción dos proxectos básico e de execución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Ourense.

Unha vez elaborados os estudos previos, a Xunta licitou, a finais de marzo de 2015, o contrato de servizo para redacción dos proxectos básico e de execución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Vigo. Este contrato foi adxudicado o pasado 1 de decembro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 39522**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as máis, sobre **“o proxecto de desenvolvemento organizado e sustentable de recursos no Noroeste atlántico (proxecto Dorna)”**, (publicada no BOPG número 511 do 2 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto xa foi contestado no seo da Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo, o día 7 de outubro de 2015, por parte da directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, a través da iniciativa 39521, do mesmo tema e autores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 39708**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para impulsar a posta en servizo de servizos ferroviarios de proximidade en Galicia”**, (publicada no BOPG número 511 do 2 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Nos últimos tempos a situación da rede ferroviaria galega experimentou cambios e melloras importantes.

A chegada da alta velocidade a Galicia supuxo obras de novo trazado para as liñas ferroviarias e outras de modernización das vías convencionais xa existentes.

A entrada en funcionamento do Eixe Atlántico en 2015 supuxo un avance fundamental para a mobilidade, e a chegada da alta velocidade en 2018 permitirá chegar a Madrid en arredor de 3 horas.

En canto á oferta de servizos, as administracións públicas deben velar pola existencia dunha oferta acorde á demanda existente que atenda ás demandas de mobilidade obrigada (desprazamentos diarios ao traballo, aos centros de estudos...), facilite a conectividade e a mobilidade dos usuarios, e responda aos intereses da maioría. Esta oferta de servizos non ten por que estar conformada necesariamente polo modo ferroviario, senón por aquel modo de transporte que en cada caso mellor se adapte á demanda que é preciso atender.

De feito, dada a dispersión poboacional de Galicia, o sistema ferroviario non sempre é o que proporciona unha oferta máis axeitada ás necesidades da poboación pola súa menor accesibilidade. Neste sentido, o transporte colectivo en autobús ten a capacidade de proporcionar unha malla que cubra unha área xeográfica máis ampla.

Coa finalidade de promover o emprego do transporte público e mellorar a mobilidade nas áreas metropolitanas de Galicia, a Xunta puxo en marcha en 2010 o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, que xa se atopa activo nas áreas metropolitanas da Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo; e estase a traballar para a súa implantación na área metropolitana de Ourense.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 39785**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as previsións do Goberno galego en relación coa Plataforma Loxística e Industrial Salvaterra-As Neves”**, (publicada no BOPG número 511 do 2 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), en resposta á pregunta oral en Comisión número 39784, incluída na sesión da Comisión 6ª celebrada o 6 de outubro de 2015, de idéntico contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, do BNG, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 39861**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información achegada polo Goberno central á Comisión Europea en relación cos proxectos galegos presentados ao abeiro do mecanismo denominado Conectar Europa para o período 2014-2020”**, (publicada no BOPG número 511 do 2 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No seu compromiso con Galicia, a convocatoria de fondos europeos do programa Conectar Europa foi aproveitada polo Goberno de España para a solicitude de axudas europeas para o financiamento de varias actuacións na Comunidade galega.

Aprobáronse dous proxectos que afectan a Galicia: a instalación do sistema ERTMS no Eixe Atlántico ferroviario entre A Coruña e Santiago e no tramo Lubián-Ourense da LAV Madrid-Galicia; e o proxecto de accesibilidade universal en estacións de pasaxeiros, na que se inclúen as estacións da Coruña, de Santiago e de Ourense. Proxectos para os cales se aprobou unha axuda de 9,35 millóns de euros en total.

O mecanismo Conectar Europa ten, para o período 2014-2020, unha dotación orzamentaria de 26.250 millóns de euros para proxectos da rede transeuropea de transportes, dos cales 11.930 millóns de euros se puxeron á disposición nesta primeira convocatoria.

Desde a Xunta de Galicia seguírase insistindo para que estes fondos contribúan ao financiamento de infraestruturas clave na Comunidade, de xeito que poidan incluírse as actuacións que se solicitaran ou outras que xurdan.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



A handwritten signature in black ink, appearing to read "Blanca García-Señoráns Álvarez". The signature is fluid and cursive, extending to the right of the stamp.

Blanca García-Señoráns Álvarez


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40313**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa e dona Yolanda Díaz Pérez e don Antón Sánchez García, sobre **“as demandas formuladas polo Goberno galego ao Goberno central en relación cos criterios para a realización da poxa dos incentivos para o servizo de interrompibilidade da subministración eléctrica”**, (publicada no BOPG número 515 do 9 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas, con motivo do debate da pregunta 40314 que tivo lugar na sesión do 3 de novembro de 2015 da Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.gal/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:28:00&idvid=C3056758&duration=00:23:37&wmv=0000009255D-002-100kb.wmv&>

Ambas as dúas preguntas versan sobre o mesmo tema e son de igual autoría.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40479**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Alejandro Gómez Alonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo , sobre **“o alcance das obras de posta en valor da ponte Vella de Ourense”**, (publicada no BOPG número 515 do 9 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En febreiro de 2015 encargouse a redacción dun estudo básico de actuacións na fábrica e no contorno da Ponte Vella de Ourense. Como resultado deste, elaborouse unha proposta de actuacións para a posta en valor da ponte, que se dividirían en dúas fases, cun orzamento total estimado de arredor de 1 millón de euros: unha primeira fase, centrada na intervención na propia ponte; nunha segunda fase as actuacións centraríanse no acondicionamento do contorno, e especialmente na vía que separa a ponte da Capela dos Remedios.

O 14 de setembro de 2015 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e o Concello de Ourense asinaron un acordo de colaboración para desenvolver a primeira fase dos traballos previstos no monumento. Este documento recolle como compromisos da AXI a reparación da calzada e a renovación da iluminación da ponte. O proxecto foi presentado ao Concello de Ourense o 20 de novembro de 2015.

Polo que respecta á calzada, igualarase o pavimento, empregando como único material o adoquín. Como medidas complementarias eliminaranse os graffitis pintados na ponte e nas edificacións anexas e retiraranse os elementos engadidos á fábrica da ponte.

Con respecto á iluminación, optarase por sistemas de leds, que mellorarán a estética, realizando a monumentalidade da estrutura, ademais de acadar unha maior eficiencia enerxética, un aforro no consumo e unha menor contaminación lumínica.

A licitación da primeira fase das obras publicouse no Diario Oficial de Galicia do 11 de decembro de 2015, cun orzamento de máis de 300.000 euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40840**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Rodas Chapela, sobre **“as medidas impulsadas polo Goberno galego diante da Unión Europea en relación coa actual normativa de etiquetaxe dos produtos da pesca e da acuicultura”**, (publicada no BOPG número 520 do 16 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que esta cuestión xa foi contestada na Comisión 8ª do 7 de outubro de 2015, por parte do director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da iniciativa 40839, do mesmo tema e autor.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41424**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da continuación do proxecto de construción de 40 vivendas protexidas no núcleo histórico de Santiago de Compostela para ofertalas en réxime de alugamento a persoas menores de 35 anos”**, (publicada no BOPG número 524 do 23 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O obxectivo da Xunta de Galicia coa política de vivenda de promoción pública, sexa de nova construción ou rehabilitada, é dar resposta ao maior número posible de demandantes da mesma, demanda contrastada a través do Rexistro de Demandantes.

A permuta da parcela de Xoán XXIII pola construción de vivendas de promoción pública en Lamas de Abade permite rendibilizar ao máximo os recursos públicos dispoñibles.

Fronte ao beneficio social indubidable da opción adoptada pola Xunta de Galicia, o proxecto do Goberno bipartito, defendido polo BNG, supoñía a construción de pequenos apartamentos e non de vivendas, o que implicaba excluír dos mesmos a todas as familias con fillos inscritas no Rexistro de Demandantes, limitando a oferta a unha pequena parte dos solicitantes.

Por outra parte, os pequenos apartamentos contemplados no proxecto do bipartito só dan resposta temporal á demanda de vivenda, xa que a realidade demostra que a demanda é para vivendas de maior superficie.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41663**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Rodas Chapela, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego para defender o dereito da frota da volanta á realización dunha actividade pesqueira digna, con cotas que permitan a viabilidade das embarcacións e normativas axeitadas”**, (publicada no BOPG número 527 do 30 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto xa foi contestado na Comisión 8ª do 3 de novembro de 2015, por parte do director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da iniciativa 41662, de similar tema e mesmo autor.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41787**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto das consideracións reflectidas no informe aprobado polo Consello da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia en relación coa venda á perda en produtos alimentarios”**, (publicada no BOPG número 527 do 30 de setembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Comercio, con motivo do debate da pregunta 41786 que tivo lugar na sesión do 13 de novembro de 2015 da Comisión 7ª de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes. O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.gal/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=01:18:31&idvid=C3065686&duration=00:21:19&wmv=0000009282J-002-100kb.wmv&>

Ambas as preguntas son do mesmo tema e autoría.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Senorans Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: 42085, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Rodas Chapela, sobre **“as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para impedir a venda nos supermercados de conservas de mexillón etiquetado coas denominacións Rías Gallegas, Envasado en Galicia ou Fabricado en Galicia”**, (publicada no BOPG número 531 do 7 de outubro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na Comisión 6ª, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, do 3 de novembro de 2015, polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da iniciativa 42084, formulada sobre o mesmo tema o polo mesmo deputado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42178**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do proxecto presentado poro Adif para a privatización do aparcadoiro público situado diante da estación de ferrocarril de Vilagarcía de Arousa”**, (publicada no BOPG número 531 do 7 de outubro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 42179, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, e publicada no BOPG número 571, do 14 de decembro de 2015, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42259**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia ante o Goberno central e a Unión Europea para incluír a frota cefalodopeira galega no novo acordo de pesca con Mauritania”**, (publicada no BOPG número 531 do 7 de outubro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto xa foi contestado na Comisión 8ª do 16 de decembro de 2015, por parte do director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da iniciativa 39174, de similar tema e mesmos autores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42776**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia en relación cos datos reflectidos no informe do Consello Xeral do Poder Xudicial referido aos efectos da crise nos órganos xudiciais, respecto dos desafiuzamentos por execución hipotecaria ou non pagamento de alugueiro nos dous primeiros trimestres de 2015”**, (publicada no BOPG número 539 do 21 de outubro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director do IGVS en resposta á pregunta oral en Comisión número 42775, formulada polo mesmo grupo parlamentario, e incluída na sesión da Comisión 2ª celebrada o 17 de novembro de 2015, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42854**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e outros/as deputados/as do mesmo grupo , sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da execución da reforma da estación de autobuses de Monforte de Lemos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016”**, (publicada no BOPG número 539 do 21 de outubro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 42856, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 571, do 14 de decembro de 2015, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
27 XAN. 2016
Núm. 46103

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
26 XAN. 2016
SAIDA
Num. 96

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42862**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co Real decreto 900/2015, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas das modalidades de subministración de enerxía eléctrica con autoconsumo e de produción de autoconsumo”**, (publicada no BOPG número 539 do 21 de outubro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas, con motivo do debate da pregunta 42861 que tivo lugar na sesión do 3 de novembro de 2015 da Comisión 6º de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, formulada polo mesmo grupo parlamentario e sobre o mesmo tema. O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.gal/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:51:37&idv id=C3056759&duration=00:24:31&wmv=0000009255D-002-100kb.wmv&.”>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42925**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para a rebaixa das peaxes das autoestradas de titularidade estatal en Galicia AP-9 e AP-53”**, (publicada no BOPG número 542 do 28 de outubro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida, tanto pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda, en resposta á interpelación número 42921, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, incluída na sesión plenaria celebrada o 1 e 2 de decembro de 2015; como polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 42924, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, incluída na sesión da Comisión 2ª celebrada o 17 de novembro de 2015, ás que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42938**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para dotar Galicia de servizos ferroviarios de proximidade”**, (publicada no BOPG número 542 do 28 de outubro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 42939, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 571, do 14 de decembro de 2015, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43743**, formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de dona Carmen Iglesias Sueiro e dona María Consuelo Martínez García, sobre **“as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para garantir unha vivenda digna á cidadanía”**, (publicada no BOPG número 555 do 18 de novembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Desde o ano 2012 a Xunta de Galicia implantou un total de 10 medidas encamiñadas a dar cobertura ás persoas que están en risco de perder a vivenda ou xa a perderon, e todas elas teñen a debida información pública sobre as condicións e forma de solicitude e tramitación. Ademais, están previstas e dotadas orzamentariamente para dar cobertura a todas as persoas que se poidan atopar nunha situación de perda da súa vivenda habitual.

As dez medidas son as seguintes:

1. **Lei 8/2012**, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia, que estableceu medidas para evitar os desafuzamentos nas vivendas de promoción pública e permitir a dación en pago nas vivendas protexidas.
2. **Programa de Realoxo de Afectados por Execucións Hipotecarias**, aprobado polo Consello da Xunta o 5 de decembro de 2012 e que segue en vigor. Ten por finalidade dar

cobertura a todas as persoas que perdan a súa única vivenda nun procedemento de execución hipotecaria, soliciten a inclusión no programa e teñan uns ingresos ponderados inferiores a 2,5 veces o IPREM.

3. **Convenio entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a FEGAMP**, asinado o 8 de abril de 2013, co obxecto de establecer un protocolo de actuación conxunta para detectar os casos de especial vulnerabilidade en procedementos de lanzamento de vivenda familiar e adoptar medidas de carácter social e de realoxo que evite os efectos da perda de vivenda.

4. **Programa Reconduce**, posto en marcha o 3 de outubro de 2013, cun enfoque preventivo e coa finalidade de crear un marco de coordinación dos servizos das diferentes consellerías que se poñen á disposición para dar apoio ás persoas e familias en risco ou situación de desafiuzamento.

5. **Plan rehaVita**, Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, aprobado polo Consello da Xunta o 12 de febreiro de 2015, que pretende facilitar o acceso á vivenda ás familias que máis o necesitan e que inclúe unha serie de medidas tendentes a reforzar o Programa de Realoxo de Afectados por Execucións Hipotecarias.

6. **Convenio coa Sareb**, asinado no marco do Plan rehaVita o 17 de marzo de 2015, co obxecto de que o IGVS poida dispoñer de vivendas desta sociedade con destino a aluguer social para as persoas con maiores dificultades e de forma especial para os afectados por execucións hipotecarias.

7. **Convenios de colaboración con varias entidades financeiras** coa finalidade de solucionar as necesidades residenciais de persoas afectadas por execucións hipotecarias. Os convenios asináronse con Abanca o 6 de xullo de 2015; Caixa Rural Galega o 7 de xullo; e Banco de Sabadell en setembro de 2015. Previsiblemente sumaranse máis entidades.

As entidades comprométense a non desaloxar vivendas sometidas a execución hipotecaria, permitindo aos afectados continuar nas mesmas en réxime de aluguer social e, por outra parte, ceden vivendas baleiras da súa propiedade para aluguer social.



8. **Convenio co Valedor do Pobo** para canalizar as posibles situacións de especial necesidade de vivenda de tal xeito que puideran ser avaliadas e, no seu caso, atendidas de forma inmediata polo IGVS.

9. **Bono de Alugueiro Social**, aprobado polo Consello da Xunta en agosto de 2015, que facilita apoio urxente, inmediato e puntual a familias que precisen dunha especial atención pola perda da vivenda habitual en réxime de aluguer ante a imposibilidade de facer fronte ao pagamento da renda.

O Bono de Alugueiro Social consiste nunha axuda de 150 euros mensuais durante doce meses, prorrogables por outros doce. E ademais, disporán tamén dunha axuda única de 450 euros para facer fronte a pagos atrasados ou aos gastos de formalización dun novo contrato.

10. **Censo de Vivendas Baleiras**, que se implantará en 2016 e permitirá coñecer a situación real das vivendas baleiras en Galicia, propiedade de entidades financeiras e da SAREB, co obxecto de poder deseñar as oportunas políticas públicas orientadas á ocupación das mesmas.

Á vista de todo o sinalado, a Xunta de Galicia dispón actualmente dun conxunto de medidas que permite atender as situacións de necesidade das persoas afectadas pola perda da súa vivenda pola imposibilidade de pagamento da mesma.

Ademais destas medidas, o Instituto Galego da Vivenda e Solo é propietario dun parque público de vivenda en alugueiro que se aproxima ás 2.800 vivendas, adxudicadas ás familias máis desfavorecidas de Galicia.

Por outra parte, o Plan rehaVlta, plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellor acceso á vivenda, presentado no Parlamento de Galicia, reúne todas as actuacións e axudas destinadas a facilitar o acceso dos cidadáns á vivenda, en alugueiro ou en compravenda, así como á mellora das condicións de vida das familias que xa dispoñen de vivenda, a través das axudas de rehabilitación.

Todas as actuacións directas e axudas incluídas no dito Plan rehaVlta teñen un alto compoñente social e diríxense, fundamentalmente, a quen máis o necesita.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 44117**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego diante do Goberno central en relación coa exclusión de Galicia do Plan de incentivación do uso de autoestradas para vehículos pesados”**, (publicada no BOPG número 559 do 25 de novembro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A comezos de xullo de 2015 o Ministerio de Fomento puxo en marcha o plan de desvío voluntario de tráfico pesado das estradas convencionais ás autopistas de peaxe para mellorar a funcionalidade das estradas libres de peaxe dependentes da Administración Xeral do Estado que discorren paralelas a itinerarios de peaxe.

Este plan persegue que os transportistas de vehículos pesados (de 4 ou máis eixes) usen as autopistas de peaxe naqueles tramos onde sexan unha mellor alternativa á estrada convencional, ofrecéndolles unha bonificación de ata o 50% da peaxe. Establecéronse inicialmente seis tramos de aplicación da medida (318 quilómetros) cun período de proba de cinco meses.

O 6 de xullo de 2015 publicouse no BOE o Real Decreto 610/2015, de 3 de xullo, polo que se aprobaba o convenio entre a Administración Xeral do Estado e Autopistas do Atlántico, Concesionaria Española, S.A., para a aplicación temporal de medidas de bonificación para determinados vehículos pesados na autopista AP-9 no tramo Puxeiros-Porriño.

Este convenio establecía as seguintes reducións no importe da peaxe para todos os vehículos da categoría 'pesados 2' co requisito de utilizar para o pagamento un dispositivo de telepeaxe VIA-T:

- redución do 35% do importe da peaxe a todos os vehículos que circulen polo tramo Puxeiros-Porriño;

- redución adicional á anterior ata acadar o 43,45% do importe da peaxe a aqueles vehículos que recorran exclusivamente o tramo Puxeiros-Porriño.

O convenio foi efectivo desde o 7 de xullo de 2015 ata o 30 de novembro de 2015. O Ministerio de Fomento ten manifestado o seu interese de dar continuidade a este plan no 2016 e de que se poida estender a novos tramos da rede de autopistas de peaxe estatal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 44152**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e outros/as deputados/as do mesmo grupo , sobre **“o número de empresas que o 19 de novembro de 2015 mercaron parcelas no porto seco de Monforte de Lemos”**, (publicada no BOPG número 559 do 25 de outubro de 2015), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2015, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No momento actual está adxudicada definitivamente unha parcela de 40.000 metros cadrados a través da declaración dun proxecto singular.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Con data 20.11.2015 entrou no Rexistro do Parlamento (con número rexistro entrada 44238) resposta á pregunta 39786 remitida desde esta dirección xeral.

Na citada resposta consta un erro xa que a contestación remitida non corresponde á indicada pregunta.

En consecuencia, a resposta correcta á iniciativa núm. 39786 é a seguinte:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), en resposta á pregunta oral en Comisión número 39784, incluída na sesión da Comisión 6ª celebrada o 6 de outubro de 2015, de idéntico contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, do BNG, á que nos remitimos.”

Por conseguinte, rógolle se proceda á corrección do indicado erro.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Vicepresidente 1º do Parlamento de Galicia



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727